



1ª Circular Informativa

O VII Congreso Galego de Ornitología terá lugar previsiblemente do **26 ao 28 de setembro de 2008** en **Monforte de Lemos**.

O tema central é **“As Aves e a Agricultura”**, pero todas as aportacións teñen cabida dentro das sesións a celebrar.

A temática, aínda que novedosa no contexto galego, non é nova no resto da península e no conxunto da UE. Así, dende hai anos, existen evidencias dun declive xeralizado nas poboacións de aves ligadas aos medios agrarios e por iso, dende a organización coidamos que é o momento de plantexar o debate sobre a conservación e xestión deste grupo en Galicia.

Os cambios na paisaxe tradicional e nas formas de explotación do territorio foron moi acusadas nas últimas décadas ata o punto de que hábitats tan representativos como a “campiña galega” están sendo fortemente transformados e nalgúns zonas incluso desaparecendo.

Coa celebración deste foro, ademais de actualizar os coñecementos sobre a bioloxía e ecoloxía das aves do medio agrario, analizarase a influencia das políticas agrarias e de desenvolvemento rural sobre a conservación da avifauna e dos seus hábitats.

O anelamento como ferramenta de estudo ornitológico da nosa campiña, e das aves en xeral, terá unha acollida especial no congreso coa celebración dunha mesa de traballo sobre a actividade aneladora en Galicia a fin de estudar a posibilidade de creación dunha **Coordinadora Galega de Anelamento**, na que tiveran representación todos os grupos galegos. Como

complemento disto espérase contar, nalgunha localidade próxima da comarca, coa presenza de aneladores en actividade durante os días de congreso.

Con esta circular queremos tamén facer un chamamento á **PREINSCRIPCIÓN**, que nos permita adquirir un coñecemento previo das posibilidades de participación. A tal motivo adxuntamos un boletín de preinscripción, para quen se anime a envialo a corto prazo, e información orientativa sobre datas e cotas (máis información en www.sgosgo.org).

Animámosvos a participar e/ou presentar comunicacións tanto sobre o tema central como sobre análises de datos de anelamentos ou calquera outra temática.

Un cordial saúdo

Os Organizadores

